Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**

## Admisión a ciclos de grao medio e de grao superior de Formación Profesional 2017-2018

# Asistente web para a solicitude

# Índice

**1. Asistente web para realizar a solicitude ........ 3**

1.1 Solicitude para usuarios con certificado dixital ou usuarios de “edu.xunta.es” ... 3

1.2 Solicitude sen certificado dixital e sen usuario de “edu.xunta.es”........ 4

1.3 Cuestionario de datos para xerar a solicitude........ 5

1.4 Identificación da persoa solicitante........ 9

# 1. Asistente web para realizar a solicitude

O proceso de admisión centralizado a ciclos formativos de Formación Profesional para o curso 2017-2018 permite as persoas solicitantes cubrir a solicitude de admisión a ciclos vía web a través dunha aplicación informática dispoñible en www.edu.xunta.es/fp que funcionará como asistente.

A solicitude, utilizando o asistente web, poderase realizar para todos os réximes e para grao medio e grao superior, agás para o segundo curso do réxime ordinario. Logo de realizada a aplicación informática xera un impreso de solicitude.

- No caso de solicitantes xa autenticados no contorno “edu.xunta.es” que non teñan que achegar documentación, o sistema xera un impreso xa validado, co texto de que non é necesario entregalo nun centro educativo para a súa validación. Deste xeito remataría a inscrición no réxime, modalidade e grao da solicitude. A copia impresa conservarase como resgardo da realización da solicitude.
- En calquera outro caso, o sistema xera un impreso de solicitude que terá que ser entregado para a súa validación en calquera centro educativo de Galicia con oferta de ciclos de formación profesional sostida con fondos públicos. **Se este impreso non se entrega en prazo, a solicitude non terá carácter oficial e non se considerará realizada para os efectos da admisión.**

## 1.1 Solicitude para usuarios con certificado dixital ou usuarios de “edu.xunta.es”

Para cubrir a solicitude empregando o asistente web débese ir ao enderezo www.edu.xunta.es/ciclosadmision. Se a persoa interesada ten certificado dixital ou ten usuario e contrasinal no contorno “edu.xunta.es”, pode facelo na ligazón específica ou na pestana “Entrar”.

Despois de recoñecer o usuario e o contrasinal pasarase a unha ventá de carga de datos persoais. Esta ventá ten tres pestanas: “Xeral”, “Enderezos” e “Contactos”. Os campos obrigatorios están sempre marcados cun asterisco (*). Se os datos xa están cargados, corresponderá comprobalos e, se houber erros, deberán corrixirse.

- En “Xeral” pídense datos de nome completo, nacionalidade, data de nacemento e sexo.
- En “Enderezos” están os datos de enderezo ou enderezos da persoa solicitante.
- En “Contactos” figurarán os datos de teléfono, correo electrónico e fax.

Ao premer en “Continuar” na pestana “Xeral” pásase á seguinte fase da carga de datos (ver ao punto 1.3. deste documento), onde se realizan preguntas sinxelas necesarias para xerar a solicitude.

## 1.2 Solicitude sen certificado dixital e sen usuario de “edu.xunta.es”

Para realizar a solicitude débese ir a www.edu.xunta.es/ciclosadmision (asistente web da solicitude) e premer sobre “Alta solicitude web”. Neste caso, solicitaráselle o DNI ou documento oficial de identificación (DOI) e un enderezo electrónico. Realizarase a solicitude seguindo ás instrucións do sistema.

Nos casos nos que o solicitante estea dado de alta na base de datos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pero non coincide o enderezo electrónico introducido co rexistrado, aparecerá un aviso na parte superior da pantalla. Poderá continuar co asistente web da solicitude seguindo as instrucións indicadas no aviso.




- Os primeiros datos que deben cubrirse son de carácter persoal. Os campos obrigatorios están sempre marcados cun asterisco (*).




Ao premer en “Continuar” pásase á unha serie de pantallas onde se realizan preguntas sinxelas necesarias para xerar a solicitude web.

## 1.3 Cuestionario de datos para xerar a solicitude

- Na primeira pantalla debe indicarse o réxime para o que se realiza a solicitude. Despois prema en continuar.




- Na segunda pantalla debe indicarse o grao desexado. Despois prema en continuar.




- Nas seguintes pantallas iránselle formulando diversas cuestións necesarias para elaborar a súa solicitude en función das ensinanzas ás que desexe acceder.
- Logo de cubertos os elementos relacionados cos datos da solicitude, chega á ventá de alta de preferencias da solicitude, onde pode seleccionar centros, ciclos e/ou módulos.
- Existe a posibilidade de facer procuras da oferta por diferentes filtros (por familia, por ciclos, por provincia, etc.). Nestas ventás poña especial atención na selección de filtros que realiza, e lembre premer sempre en "Buscar" para ver a oferta segundo os elementos seleccionados nos filtros. Os documentos da oferta de ciclos de Formación Profesional tamén están dispoñibles en http://www.edu.xunta.es/fp/oferta-fp.

- Na ventá de alta de preferencias da solicitude para o réxime ordinario cómpre ter en conta que poderá solicitar **un máximo de cinco peticións** de centro e ciclo.




- Na ventá de alta de preferencias da solicitude para o réxime para persoas adultas, teña en conta que poderá solicitar **un máximo de catro ciclos con ata dez módulos** cada un.



- Nas solicitudes do **réxime ordinario** poderá ir engadindo as súas preferencias premendo sobre “Seleccionar”. Se quere corrixir algunha das súas peticións poderá premer en “Eliminar”. Comprobe que a orde sexa a da súa preferencia, xa que esta será a que se empregue na adxudicación de prazas. Ao rematar a selección, deberase premer sobre “Pechar Solicitude”.

Ciclos solicitados

**Ciclos seleccionados**

| Posto | Centro | Ciclo | Opcións |
|---|---|---|---|
| 1 | CPR Divino Maestro (15026649) | Xestión administrativa (CMADG01) | Eliminar |
| 2 | IES Macías o Namorado (15023090) | Instalacións eléctricas e automáticas (CMELE01) | Eliminar |
| 3 | CIFP Compostela (15016000) | Cociña e gastronomía (CMHOT01) | Eliminar |
| 4 | CIFP A Granxa (36007552) | Aceites de oliva e viños (CMINA02) | Eliminar |
| 5 | IGAFA Instituto Galego de Formación en Acuicultura (36020209) | Cultivos acuícolas (CMMAP01) | Eliminar |

Continuar Cargando Peticións | Pechar Solicitude

Deberá seleccionar todos os filtros marcados cun *

A información sobre a oferta dispoñible faise a través da selección dos diferentes filtros que aparecen nesta ventá.

Lembre premer sempre sobre "Buscar" cada vez que modifique as filtraxes. **Para seleccionar un centro ou ciclo diferente, debe irse a "Filtros para a busca" e dar en "Buscar ", previo cambio dos criterios de filtraxe. Así poderá seleccionar o novo centro ou ciclo desexado.**

Só se pode pedir un máximo de 5 peticións. Para iso vaia premendo sobre "Seleccionar" segundo a orde en que desexa facer as peticións.

Se se equivoca poderá premer sobre "Eliminar" para borrar esa petición.

Se preme en "Continuar Cargando Peticións" eliminaranse os filtros para a busca para que faga unha nova e poda continuar cargando peticións.

Ao rematar a selección prema en "Pechar Solicitude".

- No caso do **réxime para persoas adultas**, tamén poderá eliminar elementos da solicitude. Poña atención nos módulos solicitados de cada ciclo. Ao rematar a selección deberase premer sobre “Pechar Solicitude”.

Módulos solicitados

**Módulos seleccionados**

| Centro | Posto ciclo | Ciclo | Posto módulo | Módulo | Opcións |
|---|---|---|---|---|---|
| CIFP Ánxel Casal - Monte Alto (15022607) | 1 | Documentación e administración sanitarias (CSSAN08) | 1 | Ofimática e proceso da información (MP0649) | Eliminar |
| CIFP Ánxel Casal - Monte Alto (15022607) | 1 | Documentación e administración sanitarias (CSSAN08) | 2 | Atención psicosocial a pacientes e persoas usuarias (MP1521) | Eliminar |
| CIFP Ánxel Casal - Monte Alto (15022607) | 2 | Anatomía patolóxica e citodiagnóstico (CSSAN06) | 1 | Técnicas xerais de laboratorio (MP1368) | Eliminar |
| CIFP Politécnico de Santiago (15015767) | 3 | Laboratorio de análise e de control de calidade (CSQUI01) | 1 | Mostraxe e preparación da mostra (MP0065) | Eliminar |
| CIFP Politécnico de Santiago (15015767) | 3 | Laboratorio de análise e de control de calidade (CSQUI01) | 2 | Análises químicas (MP0066) | Eliminar |
| CIFP Politécnico de Santiago (15015767) | 3 | Laboratorio de análise e de control de calidade (CSQUI01) | 3 | Análise instrumental (MP0067) | Eliminar |
| CIFP Politécnico de Santiago (15015767) | 3 | Laboratorio de análise e de control de calidade (CSQUI01) | 4 | Ensaios físicos (MP0068) | Eliminar |
| CIFP Politécnico de Santiago (15015767) | 3 | Laboratorio de análise e de control de calidade (CSQUI01) | 5 | Ensaios fisicoquímicos (MP0069) | Eliminar |
| CIFP Politécnico de Santiago (15015767) | 3 | Laboratorio de análise e de control de calidade (CSQUI01) | 6 | Ensaios microbiolóxicos (MP0070) | Eliminar |
| CIFP Politécnico de Santiago (15015767) | 3 | Laboratorio de análise e de control de calidade (CSQUI01) | 7 | Ensaios biotecnolóxicos (MP0071) | Eliminar |
| CIFP Politécnico de Santiago (15015767) | 3 | Laboratorio de análise e de control de calidade (CSQUI01) | 8 | Calidade e seguridade no laboratorio (MP0072) | Eliminar |
| CIFP Politécnico de Santiago (15015767) | 3 | Laboratorio de análise e de control de calidade (CSQUI01) | 9 | Formación e orientación laboral (MP0074) | Eliminar |
| CIFP Politécnico de Santiago (15015767) | 3 | Laboratorio de análise e de control de calidade (CSQUI01) | 10 | Empresa e iniciativa emprendedora (MP0075) | Eliminar |
| CIFP Politécnico de Santiago (15015767) | 4 | Automoción (CSTMV01) | 1 | Motores térmicos e os seus sistemas auxiliares (MP0293) | Eliminar |
| CIFP Politécnico de Santiago (15015767) | 4 | Automoción (CSTMV01) | 2 | Elementos amovibles e fixos non estruturais (MP0294) | Eliminar |
| CIFP Politécnico de Santiago (15015767) | 4 | Automoción (CSTMV01) | 3 | Técnicas de comunicación e de relacións (MP0309) | Eliminar |

Continuar Cargando Peticións | Pechar Solicitude

- Finalmente, aparece unha ventá de resumo que amosa a información salientable da solicitude web: o requisito de acceso, a documentación que será necesario achegar e presentar coa solicitude no centro de inscrición e as peticións de centros e ciclos en orde de preferencia. Ademais, se fose necesario, poderá indicar nesta pantalla se autoriza a una persoa a representalo para a entrega da documentación. Se está de acordo coa información non hai máis que premer en “Confirmar”.
- No caso dunha solicitude do **réxime ordinario**, a ventá será similar á da imaxe:



Usuario/a: Sen identificar | Entrar
1 Inicio | 17 Preguntas frecue...

**Alta Solicitude**

Datos da solicitude

DNI/DOI | Nome: Común null, Nome | Grao: Medio | Réxime: Ordinario

Acceso

Acceso solicitado: TITULACIÓN DE BACHELERATO (LOMCE)

Documentación para presentar no centro

Para que a solicitude sexa válida deberá presentar a seguinte documentación no centro:
- A folla de solicitude.
- Documentación do pai,nai ou titor.
- Acreditación académica onde conste o pagamento de taxas.

Ciclos solicitados

**Ciclos**

| Posto | Centro | Ciclo |
|---|---|---|
| 1 | CPR Divino Maestro (15026649) | Xestión administrativa (CMADG01) |
| 2 | IES Macías o Namorado (15023090) | Instalacións eléctricas e automáticas (CMELE01) |
| 3 | CIFP Compostela (15016000) | Cociña e gastronomía (CMHOT01) |
| 4 | CIFP A Granxa (36007552) | Aceites de oliva e viños (CMINA02) |
| 5 | IGAFA Instituto Galego de Formación en Acuicultura (36020209) | Cultivos acuícolas (CMMAP01) |

Representante legal

Se esta solicitude non vai ser entregada no centro de inscrición polo solicitante, indique os datos da persoa que a vai entregar (representante):

Tipo DNI/NIE: DNI | DNI/NIE | Nome | Apelido1 | Apelido2

**Cando confirme a solicitude é posible que a xeración do impreso pdf tarde varios minutos en xerarse. Non volva para atrás, debe esperar a que termine.**

**No caso de certificación da ESO non é necesario ter o pago de taxas xa que está exento das mesmas.**

Nesta pantalla aparece un resume da solicitude efectuada, verifique os datos e asegúrese de levar a documentación que se lle indica se debe validar a solicitude nun centro.

Cando a persoa solicitante non pode achegar a documentación ao centro, poderá autorizar por escrito a unha persoa a que a represente por calquera método válido en dereito. ...sada do seu documento de identidade e da persoa que a representa.

- No caso dunha solicitude do **réxime para persoas adultas**, a ventá será similar a esta:



E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Usuario/a: Sen identificar | Entrar
1 Inicio | 17 Preguntas frecue...

**Alta Solicitude**

Datos da solicitude

DNI/DOI | Nome: Común null, Propio | Grao: Superior | Réxime: Adultos

Acceso

Acceso solicitado: TITULACIÓN UNIVERSITARIA

Documentación para presentar no centro

Para que a solicitude sexa válida deberá presentar a seguinte documentación no centro:
- A folla de solicitude.
- Acreditación académica onde conste o pagamento de taxas.
- Certificado da vida laboral do réxime correspondente.
- Certificado de módulos superados salvo que teña todos os módulos aprobados na comunidade autónoma de Galicia e sexan módulos LOE.
- Certificado de unidades de competencia salvo que as unidades foran acreditadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Módulos solicitados

**Módulos**

| Centro | Posto ciclo | Ciclo | Posto módulo | Módulo |
|---|---|---|---|---|
| 15022607 - CIFP Ánxel Casal - Monte Alto | 1 | CSSAN08 - Documentación e administración sanitarias | 1 | MP0649 - Ofimática e proceso da información |
| | 1 | | 2 | MP1521 - Atención psicosocial a pacientes e persoas usuarias |
| | 2 | CSSAN06 - Anatomía patolóxica e citodiagnóstico | 1 | MP1368 - Técnicas xerais de laboratorio |
| 15015767 - CIFP Politécnico de Santiago | 3 | CSQUI01 - Laboratorio de análise e de control de calidade | 1 | MP0065 - Mostraxe e preparación da mostra |
| | 3 | | 2 | MP0066 - Análises químicas |
| | 3 | | 3 | MP0067 - Análise instrumental |
| | 3 | | 4 | MP0068 - Ensaios físicos |
| | 3 | | 5 | MP0069 - Ensaios fisicoquímicos |
| | 3 | | 6 | MP0070 - Ensaios microbiolóxicos |
| | 3 | | 7 | MP0071 - Ensaios biotecnolóxicos |
| | 3 | | 8 | MP0072 - Calidade e seguridade no laboratorio |

- Logo de confirmada a pantalla anterior, sairá un aviso de que a solicitude web está gardada correctamente, xunto cun documento PDF que deberá descargar, gardar e imprimir.
- No apartado “Documentación que se presenta”, do impreso xerado pola aplicación informática, indícase a documentación que cómpre achegar. Esta documentación cos impresos xerados deberá ser entregada, en prazo, en calquera centro de Galicia con oferta de ciclos formativos de formación profesional sostida con fondos públicos. Este documento será validado polo centro e unha das copias será selada e entregaráselle á persoa solicitante. **Sen estes requisitos, a solicitude carece de validez e non se terá en conta no proceso de admisión.**




- Se o impreso xerado polo asistente web indica expresamente que non ten que achegar máis documentación e que non é necesario entregar o impreso nun centro educativo, a solicitude terá consideración de validada e terase en conta no proceso de admisión. Neste caso debe gardar unha copia impresa como resgardo.
- De desexar facer máis solicitudes noutros réximes e graos, non hai máis que iniciar o procedemento de novo ou darlle a “Volver”.

## 1.4 Identificación da persoa solicitante

- Hai que lembrar que ao impreso de solicitude obtido do asistente web cumprirá achegarlle a documentación orixinal ou cotexada que se indica no impreso. No momento da entrega no centro, será necesario identificarse co documento oficial de identificación indicado na solicitude. No caso de menores de idade, entenderase que a solicitude se fai por a persoa ou persoas que dispoñan da súa titoría legal.
- No caso de que unha persoa distinta da solicitante sexa quen entregue a solicitude será imprescindible que achegue unha autorización escrita da solicitante para esta persoa, no caso de que esta circunstancia non constara xa na propia solicitude. Deberán constar nome, apelidos e documento de identificación tanto da persoa solicitante como da que entrega a documentación. Ademais, deberá achegarse copia do documento de identificación da persoa solicitante; de non cumprírense estes requisitos, non poderá tramitarse a validación da solicitude.